



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



galicia

CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CURSO 2023/2024



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



galicia

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	4
2. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS 23/24	5
3. OBXECTIVOS	8
4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
- ORDINARIAS	9
- EXTRAORDINARIAS	13
- Implementación das medidas de apoio	16
5. OUTRAS ACCIÓNS DENTRO DO PXAD	18
6. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	19



1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade pretende ser unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán desde o menos ao máis diferente e que determinarán, a súa vez, as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferencias individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias metodolóxicas, etc) en aras de cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

No *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese que ao inicio de cada curso escolar, os departamentos de orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que formará parte da Programación Xeral Anual (Art. 11.4).

Esta concreción realízase en función das necesidades educativas presentadas polo noso alumnado e co obxectivo educativo de conseguir que todo el acade o máximo



desenvolvemento persoal e social posible. Isto require que se lle facilite unha educación adaptada á súa singularidade, que se lle garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado como ao centro onde estean escolarizados.

Atendendo ao citado Decreto, e baseándonos no contexto sociocultural e económico no que se atopa o IES Illa de Ons, concretamos o noso Plan cun conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado e tamén as motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todos eles. Entendemos que a resposta educativa ofrecida é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa.

2. CONFIGURACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Tendo en conta a lexislación vixente (artigo 4º do Decreto 120/1998) e a disponibilidad horaria dos titores/as, o Departamento de Orientación do centro queda constituído para o curso académico 2023-2024 polos seguintes membros:

- Xefa do Departamento de Orientación:
 - M^a Silvia Paz Pena
- Titora ámbito Científico-técnico:
 - María Jesús Rodríguez Romano (titora de 1º ESO)
- Titora ámbito Socio-lingüístico:
 - María Angélica Garrido Sotelo (titora 4º curso ESO)
- Profesora de apoio:
 - Rosa Ana Rúa Pena



2. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS PARA O CURSO 2023/20234

Tal como se reflectiu no Plan Xeral de Atención á Diversidade as necesidades abranguen ao alumnado da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

Actualmente, curso 2023/2024, o centro conta con 8 unidades da ESO desagregadas da seguinte maneira:

Curso	Liñas	Alumnado
1º	2	41
2º	2	44
3º	2	35
4º	3	44
Alumnado Total:		164

Dentro desta diversidade xeral, hai alumnado que precisa dunha atención diferente a ordinaria por ser:

- Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade (física, psíquica, sensorial) ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de



aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...

- Alumnado con Trastorno do Espectro Autista.
- Alumnado con TDAH.
- Alumnado con Trastorno Específico de Aprendizaxe.
- Alumnado con condicións persoais e de historia escolar, que presente dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde ou por situacións socioculturais desfavorables.
- Alumnado con absentismo escolar.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe nas áreas instrumentais, con dificultade para acadar as competencias clave.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe que presenta desmotivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe.

Neste curso 2023-2024 contamos de partida con alumnado, con diagnósticos que implican dificultades derivadas de:



1º CURSO ESO

NEE (Discapacidade)	TEA	TDAH	Dif. Específicas Aprendizaxe	AACC
2	1	2	4	1

2º CURSO

NEE (Discapacidade)	TEA	TDAH	Dif. Aprendizaxe
1	1	-	2

3º CURSO

NEE (Discapacidade)	TEA	TDAH	Dif. Aprendizaxe
2	1	2	1



4º CURSO

NEE (Discapacidade con TEA /TDAH asociado)	TEA	TDAH	Dif. Aprendizaxe	Dificultades psicolingüísticas articulatorias. Disglosia
2	1	1	1	1

3. OBXECTIVOS

- 1) Organizar os recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado e, en especial, a aquel que presenta necesidade específica de apoio educativo.
- 2) Establecer as medidas que permitan unha detección temperá das posibles dificultades.
- 3) Atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, dende o currículo ordinario e a través de medidas ordinarias.
- 4) Dar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- 5) Garantir a actuación coordinada do profesorado de apoio para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- 6) Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.



- 7) Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- 8) Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co ACNEAE.
- 9) Proporcionar e adaptar unha resposta educativa axeitada e de calidade ao alumnado, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- 10) Promover a coordinación con institucións ou organismos externos ao centro.
- 11) Promover a formación permanente do profesorado.
- 12) Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca dende a prevención á intervención específica.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas. Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras, segundo o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.



MEDIDAS ORDINARIAS

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. No IES implementamos:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos..) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Haberá que revisar os informes individuais finais do curso pasado co fin de recoller información sobre posibles dificultades que poidan xurdir e adaptar as programacións neste sentido.
- Realización dunha avaliación inicial no mes de setembro co fin de detectar e organizar posibles medidas de atención á diversidade.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Exames e probas adaptadas segundo as recomendacións dos diversos protocolos, prestando especial atención, en función das dificultades do noso alumnado, ao Protocolo de TDAH, o Protocolo educativo para a intervención co alumnado con TEA, o Protocolo para a intervención psicoeducativo da dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe..



- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionáis para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmos.
- Reforzo educativo e apoio para o alumnado de 1º e 2º da ESO exento da Segunda Lingua Estranxeira. Este apoio desenvólvese con dúas horas de reforzo na competencia lingüística por parte de profesorado da área lingüística.

1º ESO

Contamos cos informes elaborados polo profesorado-titor/a de 6º EP no final do curso 2022/23, inicialmente estarán exentos 2 alumnos procedentes da etapa anterior e outros 2 alumnos que repiten 1º ESO; un xa tivera a medida e o outro foi proposto pola titora na xunta de avaliación final de xuño.

Unha vez realizada a avaliación inicial no IES, a finais do mes de setembro, poderase decidir, no caso de consideralo unha medida axeitada, a posible exención dalgún outro alumno/a con dificultades académicas, especialmente na competencia lingüística.

En 2º ESO segundo o alumnado que tivo a exención o curso pasado, conticuarán exentos, este novo curso; son un total de 5 alumnos/as.

Implementación:

Dacordo coa Resolución do 6 de xuño de 2023, nos primeiros días do curso, tendo en conta os informes elaborados no final do curso 2022/23 polas persoas titoras de 6º EP, en colaboración co departamento de orientación coa proposta de alumnado obxecto da exención, revisaranse ditos informes e o expediente académico do alumnado, podendo comezar xa nos primieiros

Na sesión de avaliación inicial, o equipo docente, á vista dos datos e información analizados, poderá realizar outras propostas de exención ou de incorporación á dita materia. Para estes



efectos, a persoa titora, en colaboración co departamento de orientación, elaborará un informe que incluíra a descrición das dificultades continuadas que presenta a alumna ou o alumno, así como unha proposta das aprendizaxes en que se debe enfocar o reforzo que recibirá a alumna ou o alumno, que trasladará á dirección do centro para que decida sobre a aplicación da medida

O alumnado do 2º curso quedará exento no caso de haber tido a exención en 1º ESO, ou non, logo do informe favorable do profesorado titor/a do curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación.

- **Programas de recuperación (reforzo)** para o alumnado con **materias pendentes** dos cursos anteriores.

O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores, que terán programas de reforzo, desglosado por cursos é o seguinte:

CURSO	Nº alumnos/as
2ºA	6
2ºB	7
3ºA	8
3ºB	4
4ºA	6
4ºB	6



- Organización da aula de convivencia inclusiva, e deseño de programas individualizados para o alumnado obxecto de medidas correctoras.
 - Realizarase un seguemento do alumnado reincidente ao longo do curso.
- Adecuación dos materiais e recursos didácticos ás características do alumnado.
- Atender á diversidade no seu conxunto, buscando optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe respectando a individualidade dos alumnos/as e potenciando as súas capacidades.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Denomínanse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer

cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación. Incluímos:



- **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica** ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, con ACS ou con déficits significativos que teñen dificultade para seguir o ritmo da clase ordinaria.

O apoio realizarase dentro ou fora da aula, segundo sexa a modalidade que mellor que adapte ás características do/a alumno/a.

A previsión ao comezo do curso é a que se vai indicar a continuación, tendo en conta que tanto o número de alumnado coma das materias a reforzar seguramente irá variando a medida que se desenvolva o curso e, sobre todo, despois da avaliación inicial programada para finais de setembro.

CURSO	Nº ALUMNOS/AS	MATERIA
1ºESO	5	MATEMÁTICAS/LC/LG/XH
2ºESO	4	LC/LG
3ºESO	2	MATEMÁTICAS/ EPVeA/LC/LG/BX/FQ
4ºESO	2	MATEMÁTICAS/ LC/LG/XH



- Adaptacións curriculares na ESO: para o alumnado que precisa unha modificación dos elementos prescriptivos do currículo.

Previsión de ACS no CURSO 2023-2024, en función das ACS do curso anterior:

CURSO	ALUMNADO	PROFESORADO IMPLICADO (especialidade)
1º A	1	LCL/LGL/INGL
3º A	1	XH/ LCL/ LGL/ MATE/INGL/FQ/ BX
	1	XH/ MATE/ LC/ LG/ FQ/ ING/ BX
4º B	1	XH/ LCL/ LGL/ MATE/ ING
	1	XH/ LCL/ LGL/ INGL/ TECNO

- Repetición (medida excepcional). Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores.

O alumnado que repite curso e deberá aplicarse un programa de reforzo, desglosado por grupos, é o seguinte:

CURSO	Nº alumnos/as repetidores
1ºA	2
1ºB	2
2ºA	3



2ºB	3
3ºA	2
3ºB	-
4ºA	1
4ºB	3

- Proposta de alumnado para cursar a Formación Profesional Básica.

Implementación das medidas de apoio:

Cando exista unha demanda de apoio educativo, esta será solicitada polo titor ou titora, a partir da folla rexistro de necesidades educativas do alumnado que precisa apoio, ao Departamento de Orientación.

Dende o departamento estudarase cada caso individual e determinarase se procede ou non a aplicación do apoio, tendo sempre en conta os criterios de prioridade, recollidos nos anexos desta concreción.

Sempre que exista dispoñibilidade horaria, reforzaranse principalmente as áreas de máis dificultade. A área reforzada coincidirá coa que se estea impartindo nese momento no grupo-clase. Poderase utilizar o mesmo material da aula ou outro diferente, en función das características e necesidades do alumnado.

Os apoios realizaranse prioritariamente dentro da aula, aínda que, ocasionalmente, poderán aplicarse fóra, se as necesidades de apoio do alumnado así o recomendan.



A organización dos reforzos revisarase polo menos tres veces ao longo do curso coincidindo co final do trimestre. É aconsellable ter en conta o traballo realizado polo alumnado nos reforzos no momento da avaliación.

As actuacións levadas a cabo con este alumnado serán deseñadas polo profesor/a da materia xunto coa profesora de PT. O/A titor/a será o/a responsable da coordinación de dita actuación.

Criterios de prioridade para casos atendidos polo PT

Partindo dun modelo inclusivo de escola, a diversidade será atendida a través dos diferentes programas deseñados dentro do Plan de atención á diversidade, dirixidos a todo o alumnado.

Cando as necesidades do alumnado así o xustifiquen, serán atendidos pola profesora de pedagogía terapéutica, segundo os seguintes criterios:

- Será atendido en primeiro lugar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo de tipo permanente, con informes previos ou valorado polo departamento de orientación, priorizando 1º e 2º da ESO.
- En segundo lugar atenderanse ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo de tipo temporal, para o que, tras ser valorado polo departamento de orientación e como complemento ás medidas de atención ordinaria, se considere necesario esta intervención.
- Dentro deste grupo de alumnos/as, darase prioridade ao alumnado dos primeiros cursos da ESO que presente dificultades escolares relacionadas coas áreas instrumentais e/ou desfase curricular, e que xa está recibindo reforzo educativo na aula ordinaria.



- Alumnos/as doutros cursos, que a xuízo do equipo educativo e D.O., presenten un desfase curricular significativo e necesiten deste tipo de medidas para garantir a consecución dos obxectivos de etapa como complemento ó reforzo dentro da aula.
- En calquera dos grupos anteriores darase prioridade ao alumnado con Adaptación Curricular Significativa.

Atenderase as demandas do profesorado no caso de que detecten especiais dificultades con algún alumno/a e deba ser incorporado ao horario de apoio.

5. OUTRAS ACCIÓNS DENTRO DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A maiores destas medidas, dentro do Plan de Atención á Diversidade:

- Tramítanse as becas do MECD para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Este curso tramitaranse 8 becas.

- Confecciónase o horario de apoio da profesora especialista en PT, que despois se eleva á Xefatura de Estudos.
- Realízanse as avaliacións psicopedagóxicas que son demandadas e as actuacións que delas se derivan: elaboración de informes psicopedagóxicos, derivación aos Servizos de Saúde, etc.
- Elabóranse pautas e orientacións didácticas e metodolóxicas para o profesorado, en relación ás diversas necesidades que presenta o alumnado.
- Solicítase a intervención do Equipo de Orientación Específico, en caso de ser necesario.



- Realízanse reunións coas familias do alumnado con NEAE, dende a titoría e o Departamento de Orientación.
- Establécese contacto cos servizos externos: servizos sociais e sanitarios e gabinetes psicopedagóxicos, colaborando no seguimento dos casos e no establecemento das medidas máis axeitadas para cada alumno/a, elaboración de informes., etc.
- Dentro do Plan de Acción Titorial, establécense actividades para o fomento do recoñecemento e o respecto á Diversidade.

6. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento e a avaliación do Plan de Atención á Diversidade farase en dous momentos diferenciados:

- Nas sesións de avaliación trimestrais valorarase a adecuación das medidas adoptadas ás necesidades do alumnado e o seu resultado.
- Ao final de curso decidirase a continuación ou modificación das medidas adoptadas, contrastando as experiencias nunha reunión entre o profesorado, valorando que medidas redundaron nunha mellor adecuación ás necesidades do alumnado e modificando aquelas que se considere necesario.

Bueu, a 19 de setembro de 2023.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Departamento de Orientación do IES Illa de Ons

ORIENTACIÓN ILLA DE ONS